

SERVIZOS SMG

TERMOS DE SERVICIO

Data de entrada en vigor: Marzo de 2018

Estes Termos de Servicio, xunto coa Política de Privacidade de SMG («**Termos**») describen os termos e condicións baixo as que Service Management Group, LLC e as súas filiais («**SMG**», «nós» ou «nosoutros») ofrecen acceso a sitios web, servizos e aplicacións; incluídas aplicacións móbiles, nas ou ás que estean enlazados ou referenciados estes Termos(conxuntamente, «**Servizos SMG**»).

Antes de acceder e utilizar os Servizos SMG, lea con atención estes Termos, que constitúen un acordo legal entre SMG e vostede.

O USO DE CALQUERA SERVICIO SMG IMPLICA QUE VOSTEDE ACEPTA ESTES TERMOS E CONFIRMA QUE ESTÁ LEGALMENTE CAPACITADO PARA FACELO. NO CASO DE QUE VOSTEDE ESTEA A UTILIZAR OS SERVICIOS SMG EN NOME DO SEU EMPREGADOR, A ACEPTACIÓN POLA SÚA PARTE DESTES TERMOS IMPLICARÁ A ACEPTACIÓN DOS MESMOS POR PARTE DO SEU EMPREGADOR, E VOSTEDE REPRESENTA E GARANTE QUE TEN A POTESTADE PARA VINCULAR Ó SEU EMPREGADOR A ESTES TERMOS.

NOTA IMPORTANTE: Estes Termos conteñen disposicións que limitan a nosa responsabilidade con vostede e requiren que sexa vostede quen resolva calquera conflito que xurda connosco por medio dunha arbitrase definitiva e vinculante sobre unha base individual e non como parte de ningunha demanda colectiva ou representativa. Ver «**VALIDEZ DO CONTRATO, EXENCIÓN DE GARANTÍAS E LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE**» (Sección 7) e «**RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**» (Sección 9) deseguido para máis información.

NO CASO DE QUE NON ACEPTA A TOTALIDADE DOS TERMOS ESTABLECIDOS NESTE DOCUMENTO NIN A POLÍTICA DE PRIVACIDADE DE SMG, NON PODERÁ FACER USO DOS SERVICIOS SMG.

1. CAMBIOS NOS TERMOS

A data de entrada en vigor destes Termos encóntrase na parte superior desta páxina web. Estes Termos están suxeitos a modificación consonte se engadan artigos. É posíbel que SMG modifique e actualice estes Termos en calquera momento. Vostede está suxeito a calquera tipo de modificación. É por iso que vostede deberá visitar esta páxina periodicamente para revisar estes Termos. O uso continuado de Servizos SMG após a publicación de calquera Termo modificado implica a aceptación pola súa parte dos Termos emendados. Os Termos emendados substitúen tódalas versións anteriores dos acordos, avisos ou declaracións sobre os Termos, pero estas emendas non se aplicarán retroactivamente.

2. TERMOS ADICIONAIS

É posíbel que certos servizos ofrecidos por, ou por medio de, Servizos SMG, como aplicacións móbiles, sorteos, concursos de ofertas e outros servizos, estean rexidos por termos e condicións adicionais presentadas conxuntamente con eles («Termos adicionais»). Vostede debe de aceptar os Termos adicionais antes de usar estes servizos. Aplicaranse Termos adicionais ademais dos presentes Termos. No caso de que algunha disposición dos Termos adicionais entrase en conflito con outra disposición destes Termos, os Termos adicionais prevalecerían sobre a disposición en conflito destes Termos unicamente na medida do conflito.

3. PRIVACIDADE/SEGURIDADE

Antes de utilizar SMG Services, lea con atención a Política de privacidade de SMG para saber que datos persoais recolle SMG en Servizos SMG, como os procesamos e con quen podemos compartir os datos persoais. Pode encontrar unha copia da Política de privacidade de SMG en:

4. CONTIDO SMG

Servizos SMG, incluída toda a información, gráficos, imaxes, traballo artístico, textos, videoclips, compilacións de datos, software, clips de audio, marcas rexistradas, marcas de servizo, rexistros, nomes comerciais e outros contidos proporcionados en, ou por medio de, Servizos SMG (conxuntamente, «**O Contido SMG**») é propiedade de SMG, as nosas filiais, socios, adxudicadores ou empresas representadas e están protexidos baixo leis de dereitos de autor, patentes de marcas rexistradas e outras leis, tanto dos Estados Unidos coma do estranxeiro. Agás como se establece na seguinte sección de licenza limitada, ou como o requira a lei aplicábel, nin os dereitos de autor, marcas rexistradas, outra propiedade intelectual nin ningunha parte de Servizos SMG poderán ser utilizadas, reproducidas, duplicadas, copiadas, vendidas, revendidas, accedidas, modificadas ou explotadas de calquera outra maneira, na súa totalidade ou en parte, para calquera fin sen o noso consentimento previo por escrito. O uso non autorizado do Contido SMG pode implicar a violación das leis de dereitos de autor, marcas rexistradas e outras leis.

No caso de que vostede acepte estes Termos (así como calquera outro termo e condición relacionada con Contido SMG específico), SMG outorgarlle unha licenza persoal, revogábel, non exclusiva, intransferíbel e limitada (sen dereito a sublicenza) para que acceda e utilice Servizos SMG e descargue, imprima e/ou copie Contido SMG exclusivamente para o seu uso persoal e suxeito a estes Termos. Vostede recoñece que os segredos comerciais e a propiedade intelectual incorporados en Servizos SMG non lle foron nin serán autorizados ou revelados. Vostede recoñece que o código HTML que SMG crea para xerar as páxinas dos Servizos está protexido por dereitos de autor de SMG. SMG resérvase todos os dereitos que non se outorgan expresamente no presente documento.

A menos que SMG lle dea unha autorización por escrito previa, vostede acepta que non:

- a. incorporará Contido SMG noutros traballos (como no seu propio sitio web) ou usará Contido SMG de maneira pública ou comercial;
- b. cambiará calquera aviso sobre dereitos de autor, marcas rexistradas ou outros dereitos de propiedade intelectual que poidan formar parte do Contido SMG; ou
- c. se «enlazará en profundidade» con calquera Servizo SMG (é dicir, non se vinculará a ningunha páxina que non sexa a páxina principal de Servizos SMG).

As marcas rexistradas, logos e marcas de servizo (as «Marcas») amosadas en ou por medio de Servizos SMG son propiedade de SMG ou de terceiros. Ten prohibido usar as Marcas sen o

consentimento previo por escrito de SMG ou da terceira parte implicada. Se desexa máis información sobre como acadar o permiso de SMG para utilizar o Contido SMG, envíe un correo electrónico a privacyofficer@smg.com.

5. USO DE SERVICIOS SMG

- 5.1. **Elixibilidade:** Os Servizos SMG no están destinados a seren utilizados por menores da idade legal no seu país de residencia para daren o seu consentimento para que se procesen os seus datos persoais. Se vostede é menor de idade no seu país, non poderá utilizar os Servizos SMG.
- 5.2. **A súa conta:** É posíbel que se lle solicite a creación dunha conta («**Conta**») para utilizar certas funcións dos Servizos SMG. Vostede acepta proporcionar, manter e actualizar información precisa, actual e completa sobre vostede. Vostede acepta non suplantar ningunha persoa ou entidade nin terxiversar a súa identidade ou afiliación perante ningunha persoa ou entidade, incluído facer uso do nome de usuario, contrasinal ou outra información da conta doutra persoa, ou o nome, semellanza, voz, imaxe ou fotografía doutra persoa. Ademais, vostede acepta notificarnos de inmediato en privacyofficer@smg.com calquera uso non autorizado que se faga do seu nome de usuario, contrasinal, outra información de conta ou calquera outra violación de seguridade da que teña coñecemento en relación cos Servizos SMG.

Ao crear unha Conta, vostede acepta que SMG poida contactar con vostede por medio do correo electrónico que proporcionou cando activou a súa Conta.

Non permita que outras persoas utilicen a súa Conta. Vostede é responsábel do uso que se faga da súa Conta, incluído o uso que fagan outras persoas ás que lle dese acceso á mesma.

5.3. As súas responsabilidades:

A súa aceptación para usar Servizos SMG só con fins legais. Vostede acepta que só utilizará Servizos SMG con fins legais. Vostede non fará uso de Servizos SMG de ningunha maneira que poida danar, deshabilitar, sobrecargar ou deteriorar os servidores ou redes de SMG ou interferir no uso e goce de Servizos SMG por parte de terceiros.

A súa aceptación de non usar os Servizos SMG con fins ilegais ou non autorizados. Ademais, vostede acepta que non intentará obter acceso non autorizado a Servizos SMG, ás contas doutros usuarios ou ós sistemas ou redes informáticas de SMG por medio de acceso ilegal, extracción de contrasinais ou calquera outro medio. Sen limitar ningún dos puntos anteriores, vostede acepta que non (e que non promoverá nin permitirá que o faga ningún terceiro):

- a. copiará, modificará, adaptará, traducirá, fará enxeñería inversa, decodificará ou intentará derivar ou obter acceso a calquera parte dos Servizos SMG ou do Contido SMG;
- b. eliminará calquera aviso de dereitos de autor, marca rexistrada ou outros dereitos propietarios que estean nos Servizos SMG ou no Contido SMG;

- c. eludirá, desactivará ou interferirá dalgunha outra maneira nas funcións relacionadas coa seguridade ou prevención de fraudes dos nosos Servizos ou nas funcións que impiden ou restrinxen o uso ou a copia de calquera Contido SMG ou impoñen limitacións ao uso dos nosos servizos ou contidos;
- d. abusará dos servizos introducindo deliberadamente virus, troianos, vermes, bombas lóxicas, spyware, malware ou outro material malicioso ou tecnoloxicamente daniño;
- e. fará uso de calquera tipo de robot, araña, aplicación de busca/recuperación de sitios ou outro dispositivo, proceso ou medio automatizado para acceder, recuperar, raspar ou indexar calquera parte dos Servizos SMG;
- f. alugará, arrendará, emprestará, venderá, sublicenciará, asignará, distribuirá, publicará, transferirá ou porá a disposición de terceiros Servizos SMG, ou calquera función ou funcionalidade de Servizos SMG, incluída a posta a disposición de Servizos SMG nunha rede na que se poida acceder a eles por medio de máis de un dispositivo en calquera momento;
- g. reformateará ou enmarcará calquera parte das páxinas web que compoñen os Servizos SMG;
- h. creará máis de unha Conta por medios automatizados ou baixo pretextos falsos ou fraudulentos; ou
- i. recompilará ou almacenará datos persoais de calquera outro usuario sen o seu consentimento previo por escrito.

Consecuencias do uso non autorizado ou indebido dos Servizos SMG. Vostede acepta que o seu dereito de usar Servizos SMG cesará inmediatamente en caso de que viole calquera destas normas, e que SMG ten a potestade de rescindir o seu acceso aos Servizos SMG sen previo aviso no caso de que vostede viole calquera dos requisitos ou prohibicións establecidas nestes Termos ou en calquera outro Termo aplicábel. Ademais, no caso de que llo pidamos, vostede acepta devolver ou destruír calquera copia que realizase dos Materiais da páxina.

O uso non autorizado e indebido dos Servizos SMG está estritamente prohibido; dependendo das circunstancias, vostede pode ser obxecto dunha demanda civil por danos e prexuízos e/ou dun proceso penal. SMG resérvase o dereito de denunciar calquera violación destes Termos ou o uso non autorizado ou indebido dos Servizos SMG ás autoridades encargadas de facer cumprir a lei. No caso de uso non autorizado ou indebido dos Servizos SMG, o seu dereito a usar os Servizos SMG cesará inmediatamente, e SMG ten a facultade de rescindir o seu acceso aos Servizos SMG sen previo aviso.

A súa responsabilidade por cargos, taxas e outros custos relacionados co uso dos Servizos SMG (incluídas as tarifas de mensaxaría de textos). Vostede é o único responsábel de tódolos cargos, taxas e outros custos relacionados co uso dos Servizos SMG. No caso de que vostede acceda e utilice os Servizos SMG desde o seu teléfono intelixente, tableta ou outro dispositivo móbil, deberá dispor de servizo inalámbrico a internet ou acceso a datos proporcionado por un provedor de servizo móbil participante. Certos servizos poden requirir a posibilidade de usar mensaxaría de texto (SMS ou MMS). Vostede acepta que é o único responsábel de tódolos cargos por mensaxes e datos que lle facture a súa empresa de servizos móbiles. Non impoñemos un cargo por separado polos servizos de mensaxaría de texto que ofrecemos, pero é posíbel que se apliquen taxas de mensaxes e datos. Tódolos cargos son facturados e pagadoiros ao seu provedor de servizos móbiles. Póñase en contacto co seu provedor de servizos móbiles para coñecer os plans de prezos e máis información. SMG non se fai responsábel dos atrasos na entrega de mensaxes de texto nin de ningún erro na entrega de mensaxes de texto, xa que a entrega está suxeita a unha transmisión de datos efectiva por parte do seu provedor de

servizo móbil. É posíbel que as mensaxes de texto non estean dispoñíbeis en tódalas áreas en todo momento.

Consecuencias de aceptar a recepción de mensaxes de texto. Unha vez optase por recibir as nosas mensaxes de texto, a frecuencia destas dependerá das súas transaccións con nós. **Ao aceptar recibir mensaxes de texto, vostede entende e acepta que SMG poida utilizar un sistema de marcación automática para enviarlle mensaxes de texto, e ademais entende que non é necesario o seu consentimento para recibir mensaxes de texto para que se lle permita comprar bens ou servizos.**

- 5.4. Envíos. De cando en cando, SMG pode ofrecer a posibilidade de que vostede e outros usuarios publiquen voluntariamente, ou envíen doutra maneira cualificacións, suxestións, comentarios de vídeos, ideas, notas, conceptos ou outra información ou materiais a, ou por medio de, Servizos SMG, (conxuntamente, «**Envíos**»).

Vostede é e seguirá sendo o único responsábel dos seus Envíos e das consecuencias de enviar e publicar ditos Envíos. Vostede será o único responsábel de calquera dano derivado das violacións dos dereitos de autor, dereitos propietarios ou calquera outro dano resultante dos seus Envíos. Ao enviar ou publicar Envíos, vostede debe limitar, na medida do posíbel, a cantidade de datos persoais que proporcione, xa que os Envíos poden estar enlazados a vostede, dependendo da información que facilite.

Ao enviar, publicar ou transmitir Envíos a SMG (e/ou aos nosos representantes) ou a calquera área dos Servizos SMG, vostede outorga ou garante automaticamente que vostede ou calquera outro propietario do material que envía outorgou a SMG e aos nosos representantes unha sublicenza mundial, non exclusiva, sublicenciábel (por medio de múltiples niveis), transferíbel, libre de regalías, de dereito irrevogábel e perpetua para usar, reproducir, sublicenciar (por medio de múltiples niveis), distribuír, crear obras derivadas, realizar e importar os seus Envíos (na súa totalidade ou en parte) en calquera medio agora coñecido ou desenvolvido no futuro, para calquera propósito, comercial ou doutro tipo, sen compensación de ningún tipo para vostede. Noutras palabras, SMG ten o dereito automático de usar os seus Envíos, incluídas a reprodución, divulgación, publicación ou difusión dos seus Envíos en calquera lugar, momento ou medio para a finalidade que sexa sen pagar ningún tipo de taxa nin ter ningunha obriga con vostede. Vostede tamén permite que calquera usuario acceda, visualice, almacene ou reproduza o seu Envío para o uso persoal dese usuario. Pola presente, vostede outórgalle a SMG (e/ou aos nosos representantes) o dereito a usar calquera dos seus Envíos para o propósito que sexa en calquera lugar. Baixo ningunha circunstancia ten vostede dereito a ningún tipo de pagamento no caso de que SMG (e/ou os seus representantes) utilizasen un dos seus Envíos. Tódolos Envíos son considerados non confidenciais e non propietarios.

É posíbel que os Envíos que publique estean a disposición do público. Vostede recoñece que non ten expectativas de privacidade con respecto a ningún dos seus Envíos. Ademais, vostede recoñece que realiza Envíos voluntariamente e baixo o seu propio risco. Vostede debe facer uso do seu bo xuízo cando publique información, comentarios ou outro contido relacionado con SMG, os clientes de SMG ou calquera outra entidade ou persoa. Vostede é legalmente responsábel de calquera dano sufrido por parte doutros usuarios, SMG ou terceiros como resultado de Envíos difamatorios ou legalmente procesábeis realizados pola súa parte. Cando publique un Envío, pode optar por enlazalo ao seu nome de usuario ou a un seudónimo, a menos que as leis aplicábeis no seu país de residencia esixan o contrario.

SMG non é legalmente responsábel dos Envíos realizados polos usuarios, mesmo se ditos Envíos son difamatorios ou poden ser obxecto de accións legais. SMG non se fai responsábel nin comparte as opinións, consellos ou recomendacións publicadas ou enviadas por medio dos Servizos SMG. SMG renuncia especificamente a toda responsabilidade en relación con ditos Envíos. SMG non confirma nin verifica as cualificacións, antecedentes ou habilidades dos usuarios nin a información que estes publican nos, ou por medio de, Servizos SMG. Polo tanto, SMG insta a facer uso do senso común e o bo xuízo á hora de preparar os seus Envíos.

Ao publicar un Envío, vostede acepta, declara e garante que o seu Envío:

- a. é verdadeiro e preciso;
- b. pertence a un tema ou tópico particular dos Servizos SMG;
- c. non infrinxe, non se apropia nin viola os dereitos de autor, marca rexistrada, patente, dereito literario, segredo comercial, privacidade, publicidade, dereitos de propiedade, contractuais ou doutro tipo de terceiros;
- d. non contén información que identifique a ningunha persoa ou información que inclúa os datos persoais de ningunha persoa a menos que se teña o consentimento previo por escrito de dita persoa;
- e. non fai afirmacións sen fundamento sobre ningún terceiro ou os seus produtos e servizos;
- f. non contén comentarios calumniosos, difamatorios, falsos, enganosos, vulgares, obscenos, pornográficos, violentos, intolerantes, sexualmente explícitos, de odio, abusivos, ameazantes, acosadores, antisociais, sexual ou racialmente ofensivos ou outro contido que dane ou se pode esperar razoabelmente que dane a calquera persoa ou entidade;
- g. non é ilegal e non fomenta ou defende actividades ilegais ou a discusión de actividades ilegais coa intención de cometelas;
- h. non é comercial nin está relacionado cos sector económico, e non fai publicidade nin ofrece vender ningún produto ou servizo (sexo ou non con fins lucrativos), nin realiza solicitudes a terceiros (incluídas solicitudes de doazón e contribución);
- i. non contén virus ou outros compoñentes daniños, nin altera, deteriora ou dana aos Servizos SMG ou a calquera rede conectada, nin interfere de ningún outro xeito no uso e goce dos Servizos SMG por parte de calquera persoa ou entidade; e
- j. cumpre con tódalas leis, regulamentos, normativas, políticas e termos contractuais aplicábeis relacionadas co seu Envío, así como cos Servizos SMG a, ou mediante os que, vostede está anunciando ou proporcionando o seu Envío, incluídas as restricións de idade.

Vostede reconece e acepta que SMG ten o dereito, pero non a obriga, de alterar, eliminar, ou negarse a publicar ou permitir que se publique calquera Envío. SMG non se responsabiliza dos Envíos que vostede ou calquera terceiro publique. SMG non asegura nin pode asegurar que tódolos usuarios estean a cumprir estas disposicións e, entre vostede e SMG, vostede asume pola presente todo risco de dano ou lesión derivada de dito incumprimento.

SMG recoméndalle encarecidamente que minimize a divulgación de calquera dato persoal nos seus Envíos, xa que outras persoas poden ver e utilizar os datos persoais que constan neles. SMG non se fai responsábel da información que vostede decida comunicar por medio de Envíos.

6. SITIOS E SERVICIOS DE TERCEIROS

Servizos SMG pode conter enlaces a sitios web e servizos de terceiros, incluídas redes sociais (conxuntamente, «**Servizos enlazados**»). Os Servizos enlazados non están baixo o control de SMG, e SMG non é responsábel dos mesmos nin de ningunha información ou material relacionado, nin tampouco de ningunha forma de transmisión recibida de calquera Servizo enlazado. A inclusión dun enlace non implica que SMG aprobe o Servizo enlazado nin que se asocie cos operadores do Servizo enlazado. SMG non investiga, verifica nin monitora os Servizos enlazados. SMG ofrece enlaces aos Servizos enlazados só para a súa comodidade. Vostede accede aos Servizos enlazados baixo o seu propio risco.

7. VALIDEZ DO CONTRATO, EXENCIÓN DE GARANTÍAS E LIMITACIÓNS DE RESPONSABILIDADE

SMG garante que SMG subscribiu validamente estes Termos e que ten a facultade legal para facelo. Vostede garante que acepta estes Termos e que ten a facultade legal para facelo.

SALVO QUE SE INDIQUE EXPRESAMENTE O CONTRARIO, OS SERVICIOS SMG PROPORCIONÁNSE «TAL CAL» E «SEGUNDO DISPOÑIBILIDADE» SEN GARANTÍA DE NINGÚN TIPO, EXPRESA OU IMPLÍCITA.

SMG non representa nin garante a exactitude, fiabilidade, integridade ou puntualidade do Contido SMG ou dos resultados derivados de usar os Servizos SMG e o Contido SMG. O uso dos Servizos SMG e o Contido é baixo o seu propio risco. Realízanse cambios periodicamente nos Servizos SMG e no Contido SMG. Estes cambios pódense realizar en calquera momento. É posíbel que parte do contido dos Servizos SMG sexa proporcionado por terceiros. SMG non se fai responsábel de ningún destes contidos de terceiros.

OS SERVICIOS SMG E O CONTIDO SMG PROPORCIONÁNSE «TAL CAL» SEN GARANTÍAS DE NINGÚN TIPO. NA MEDIDA MÁXIMA PERMITIDA POLA LEI APLICÁBEL, SMG RENUNCIA ESPECIFICAMENTE A TÓDALAS GARANTÍAS E CONDICIÓNS DE CALQUERA TIPO, INCLUÍDAS TÓDALAS GARANTÍAS E CONDICIÓNS IMPLÍCITAS DE COMERCIALIZABILIDADE, IDONEIDADE PARA UN FIN DETERMINADO, TÍTULO, NON VIOLACIÓN DOS DEREITOS DE PROPIEDAD OU DE TERCEIROS, AUSENCIA DE DEFECTOS, USO ININTERROMPIDO E TÓDALAS GARANTÍAS IMPLÍCITAS DE CALQUERA CURSO DE NEGOCIACIÓN OU USO COMERCIAL.

SMG NON GARANTE QUE (A) OS SERVICIOS SMG CUMPRAN COS SEUS REQUISITOS, (B) QUE O FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS SMG SEXA ININTERROMPIDO OU ESTEA LIBRE DE VIRUS OU ERROS OU (C) QUE OS ERROS SEXAN CORRIXIDOS. SMG NON SE FARÁ CARGO DOS CUSTOS DERIVADOS NUNHA POSÍBEL NECESIDADE DE REPARAR OU SUBSTITUIR O EQUIPO, OU DA PERDA DE GANANCIAS OU DATOS. CALQUERA CONSELLO ORAL OU ESCRITO PROPORCIONADO POR SMG OU OS SEUS AXENTES AUTORIZADOS NON CREA NIN CREA NINGUNHA GARANTÍA. ALGUNHAS XURISDICTIONES NON PERMITEN A EXCLUSIÓN DE GARANTÍAS IMPLÍCITAS, O QUE SIGNIFICA QUE ALGUNHAS OU TÓDALAS EXCLUSIÓNS ANTERIORES PODEN NON SER APLICADAS.

O USO DOS SERVIZOS SMG É BAIXO O SEU PROPIO RISCO. Se non está satisfeito cos Servizos SMG, incluído calquera contido dos Servizos SMG, o seu único recurso é deixar de utilizar os Servizos SMG.

VOSTEDE ACEPTA QUE, EN NINGÚN CASO, SMG OU CALQUERA TERCEIRO AO QUE SE FAGA REFERENCIA EN CALQUERA DOS SERVIZOS SMG SERÁ RESPONSÁBEL (A) POR DANOS DE NINGÚN TIPO, INCLUÍDOS DANOS DIRECTOS, INDIRECTOS, ESPECIAIS, EXEMPLARES, INCIDENTAIS, CONSECUENTES OU PUNITIVOS, OU CALQUERA OUTRO TIPO DE DANOS (INCLUÍDOS, ENTRE OUTROS, A ADQUISICIÓN DE BENS OU DOS SERVIZOS SUBSTITUTOS, A PERDA DE USO, DATOS OU GANANCIAS, OU O CESE DA ACTIVIDADE COMERCIAL), SEN IMPORTAR A CAUSA E BAIXO CALQUERA TEORÍA DE RESPONSABILIDADE QUE XURDA DE CALQUERA MANEIRA EN RELACIÓN CON ESTES TERMOS OU O USO OU A INCAPACIDADE DE USAR OS SERVIZOS SMG E O SEU CONTIDO, XA SEXA BASEADA EN GARANTÍA, CONTRATO, RESPONSABILIDADE ESTRITA, RESPONSABILIDADE EXTRA CONTRACTUAL (INCLUÍDA NEGLIXENCIA OU DOUTRO XEITO), OU CALQUERA OUTRA TEORÍA LEGAL, MESMO SE SMG FOI ADVERTIDO DA POSIBILIDADE DESTES DANOS, OU (B) POR CALQUERA OUTRA RECLAMACIÓN, DEMANDA OU DANOS QUE RESULTEN OU XURDAN DE OU EN RELACIÓN CO USO QUE VOSTEDE FAGA DOS SERVIZOS SMG. ESTA EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE NON SE APLICA Á RESPONSABILIDADE RESULTANTE DA NOSA NEGLIXENCIA GRAVE OU MALA CONDUTA INTENCIONAL, E NON SE APLICARÁ NA MEDIDA EN QUE O PROHIBA A LEI APLICÁBEL.

SE POR CALQUERA RAZÓN AS EXENCIÓNS DE GARANTÍAS OU LIMITACIÓNS DE RESPONSABILIDADE ESTABLECIDAS NESTA SECCIÓN 7 SON INAPLICÁBEIS OU INVIÁBEIS POR CALQUERA RAZÓN, A RESPONSABILIDADE MÁXIMA DE SMG POR CALQUERA TIPO DE DANO, EN VIRTUDE DO PRESENTE DOCUMENTO, LIMITARASE A 1000 \$.

Vostede reconece e acepta que as limitacións de responsabilidade mencionadas anteriormente, xunto coas demais disposicións destes Termos que limitan a responsabilidade, son termos esenciais e que SMG non estaría disposto a outorgarlle os dereitos establecidos nestes Termos se non fose pola súa aceptación das limitacións de responsabilidade mencionadas anteriormente.

NO CASO DE QUE VOSTEDE RESIDA EN CALIFORNIA, RENUNCIA AOS SEUS DEREITOS CON RESPECTO Á SECCIÓN 1542 DO CÓDIGO CIVIL DE CALIFORNIA, QUE DI QUE «UNHA RENUNCIA XERAL NON SE ESTENDE AOS REQUIRIMENTOS QUE O ACREADOR NON SABE OU SOSPEITA QUE EXISTEN AO SEU FAVOR NO MOMENTO DE EXECUTAR A RENUNCIA, AS CALES, SE AS COÑECE, DEBERON DE AFECTAR MATERIALMENTE O SEU ACORDO CO DEBEDOR».

8. RESARCIMENTO

Vostede acepta, ao seu propio custo, defender, indemnizar e eximir a SMG e os seus clientes, directores, executivos, empregados e axentes de, e contra, tódalas perdas, responsabilidades, requirimentos, accións ou demandas, incluído, sen limitación, calquera dano monetario, gastos, custos de defensa, incluídos honorarios razoábeis de avogados e contabilidade, presentados contra SMG por calquera terceiro que xurda de (a) os seus Envíos, (b) o uso que faga dos Servizos SMG ou (c) da súa violación de calquera destes Termos, os dereitos dun terceiro ou as leis aplicábeis. Esta disposición de resarcimento non se aplica na medida en que o prohiba a lei aplicábel. En virtude do presente documento, SMG resérvase o dereito, ao seu propio custo, de asumir a defensa e control exclusivos de calquera asunto suxeito a indemnización.

Non se pode chegar a ningún acordo que afecte os dereitos ou obrigas de SMG sen a aprobación previa por escrito de SMG.

9. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Con excepción de calquera conflito relacionado cos dereitos ou obrigas da propiedade intelectual, ou calquera reclamo por infracción, que se rexerá pola lei federal dos Estados Unidos, calquera conflito entre vostede e SMG que teña orixe ou relación con estes Termos, se rexerá, interpretará e aplicará segundo as leis do Estado de Missouri (Estados Unidos), independentemente do seu país de orixe ou do lugar no que vostede acceda aos Servizos, e malia calquera conflito de principios de lei. Todos estes conflitos se interpretarán segundo as leis de Missouri aplicábeis aos contratos celebrados e executados dentro do Estado de Missouri. Vostede e SMG aceptan que a Convención das Nacións Unidas sobre Contratos para a Venda Internacional de Mercadorías non se aplica á interpretación ou redacción destes Termos.

VOSTEDE E SMG ACEPTAN QUE CADA PARTE PODE PRESENTAR RECLAMACIÓNS CONTRA O OUTRO SÓ DE MANEIRA INDIVIDUAL E NON COMO DEMANDANTE OU MEMBRO DA ACCIÓN NUNHA SUPOSTA ACCIÓN OU PROCEDIMENTO COLECTIVO OU REPRESENTATIVO.

VOSTEDE E SMG ACEPTAN QUE TÓDALAS RECLAMACIÓNS SE RESOLVERÁN MEDIANTE ARBITRAXE VINCULANTE DA MANEIRA ESPECIFICADA NESTA SECCIÓN 9, E QUE VOSTEDE E SMG RENUNCIAN A PRESENTAR DITAS RECLAMACIÓNS PERANTE CALQUERA TRIBUNAL DE XUSTIZA. OS DEREITOS DOS QUE VOSTEDE GOZARÍA NO CASO DE ACUDIR A UN TRIBUNAL, TALES COMO ACCESO A PROBAS, PODERÍAN NON ESTAR DISPOÑÍBEIS OU ESTAR LIMITADOS Á ARBITRAXE.

Calquera conflito entre vostede e SMG e os seus axentes, empregados, executivos, administradores, directores, sucesores, cesionarios, subsidiarios ou afiliados que xurda de ou en relación con estes Termos e a súa interpretación ou incumprimento, rescisión ou validez dos mesmos, as relacións que resulten destes Termos, incluídos os conflitos sobre a validez, alcance ou aplicación destes Termos a arbitraje (conxuntamente, «**Conflitos cubertos**») estará suxeito a arbitraje vinculante no Estado de Missouri, administrado pola Asociación Americana de Arbitraje - AAA (American Arbitration Association), segundo as súas normas (incluídas as súas normativas e procedementos para conflitos relacionados co consumidor) en vigor na data da mesma. Antes de iniciar calquera arbitraje, a parte iniciadora notificaralle por escrito á outra parte, con polo menos 60 días de antelación, a súa intención de presentar unha demanda de arbitraje. SMG enviará este aviso por correo electrónico ao enderezo de correo electrónico que vostede facilitou cando creou a súa conta, ou por correo electrónico a un enderezo de correo electrónico que vostede lle facilitase a SMG; vostede deberá enviar dita notificación a SMG ao correo electrónico privacyofficer@smg.com.

O pagamento de tódalas taxas de tramitación, administración e arbitraje rexeráse pola normativa da AAA. Porén, se vostede pode demostrar que os custos da arbitraje son prohibitivos para vostede en comparación cos custos do litixio, SMG pagará a meirande parte das taxas de tramitación, administración e arbitraje que o árbitro considere necesarios para evitar que a arbitraje sexa prohibitiva para vostede. Se o árbitro determina que a(s) reclamación(s) que vostede afirma na arbitraje son frívolas, vostede acepta reembolsar a SMG tódalas taxas asociadas coa arbitraje que SMG pagou no seu nome e que doutra maneira vostede estaría obrigado a pagar baixo a normativa da AAA.

Seleccionarase un único árbitro segundo a Normativa de Arbitraje Comercial da AAA. A arbitraje levarase a cabo en inglés. O árbitro terá a facultade de outorgar calquera reparación que estea dispoñíbel no tribunal conforme a lei ou en equidade, e calquera laudo do árbitro será definitivo e vinculante para cada unha das partes e pode ser presentado como unha sentenza en calquera tribunal de xurisdición competente. Porén, o árbitro estará facultado de outorgar danos punitivos ou exemplares, dereito ao que, pola presente, renuncia cada unha das partes. O árbitro aplicará a lei aplicábel e as disposicións destes Termos; non facelo se considerará un exceso de autoridade arbitral e de motivo para un recurso xudicial. A decisión do árbitro debe de ser explicada por escrito e debe de ser confidencial. SMG e vostede aceptan que calquera Conflito Cuberto será sometido a arbitraje só de maneira individual. **NIN SMG NIN VOSTEDE TEÑEN DEREITO A ARBITRAR CALQUERA CONFLITO CUBERTO COMO UNHA ACCIÓN DE CLASE, REPRESENTANTE OU PROCURADOR XERAL PRIVADO E O ÁRBITRO NON TERÁ A AUTORIDADE PARA PROSEGUIR SOBRE A BASE DUNHA CLASE, UN REPRESENTANTE OU UN PROCURADOR XERAL PRIVADO.** No caso de que se considere inaplicábel algunha disposición do acordo de arbitraje nesta Sección 9, a disposición inaplicábel se eliminará e os termos de arbitraje restantes serán aplicados (pero en ningún caso haberá unha arbitraje de clase, representante ou procurador particular). Independentemente de que calquera estatuto ou lei estableza o contrario, o aviso de calquera reclamación que xurda destes Termos ou estea relacionado con eles debe realizarse dentro do prazo dun (1) ano despois de que dita reclamación xurdise ou prescribise para sempre. Para os fins desta Sección 9, estes Termos e transaccións relacionadas estarán suxeitos e rexidos pola Lei Federal de Arbitraje, 9 U.S.C. sec. 1-16 (FAA).

Nota: Ao aceptar estes Termos, vostede acepta explicitamente que pola presente renuncia a calquera reclamación ou acción que poida ter en contra de SMG baixo as leis de calquera xurisdición fóra dos Estados Unidos, incluída, pero sen limitación, calquera reclamación ou acción baixo as leis do seu propio país, e que a súa única localización e lei aplicábel para calquera conflito é a dos Estados Unidos conforme os termos desta sección 9.

10. RECOMPENSAS

Ocasionalmente, SMG pode ofrecerlle a oportunidade de recibir recompensas, tales como puntos de recompensa, descontos ou ofertas especiais (conxuntamente, «**Recompensas**»). Notificarémoslle cando teña á súa disposición Recompensas por medio dos Servizos SMG. Os beneficios das Recompensas poden diferir, así como o período de validez, así que revise os detalles de cada Recompensa cando a reciba. Para SurveyMini os seus puntos de recompensa vencerán após noventa (90) días de inactividade. A súas Recompensas son para uso persoal. Vostede non pode transferir, atribuír, vender, intercambiar ou permutar as súas Recompensas. A menos que o esixa a lei, as Recompensas non se poden trocar por cartos en efectivo e non se poden combinar con ningunha outra promoción, oferta ou desconto de SMG a clientes. Non se emitirán créditos nin reembolsos por ningún motivo após trocar as súas Recompensas. SMG resérvase o dereito de modificar, rescindir ou suspender a dispoñibilidade das Recompensas. Vostede acepta estar suxeito ás decisións de SMG, que son definitivas e vinculantes en tódolos asuntos relacionados coas Recompensas.

11. ACTUALIZACIÓNS PARA APLICACIÓNS MÓBILES

É posíbel que ocasionalmente (á nosa enteira disposición) desenvolvamos e proporcionemos actualizacións para as nosas aplicacións móbiles, que poden incluír actualizacións, correccións de erros, parches e outras correccións de erros e/ou novas funcións (conxuntamente, «**Actualizacións**»). As Actualizacións tamén poden modificar ou eliminar na súa totalidade determinadas funcións e funcionalidades. Vostede acepta que SMG non ten a obriga de

proporcionar ningunha Actualización nin de continuar a proporcionar ou habilitar ningunha función ou funcionalidade en particular.

En base á configuración do seu dispositivo móbil, cando este está conectado a Internet tampouco: (a) se descargarán e instalarán automaticamente as Actualizacións; ou (b) é posíbel que vostede reciba aviso ou que se lle pida que descargue e instale as Actualizacións dispoñíbeis.

Descargue e instale rapidamente tódalas Actualizacións. Se non o fai, é posíbel que partes dos Servizos SMG non funcionen axeitadamente. Ademais, vostede acepta que tódalas Actualizacións sexan consideradas parte dos Servizos SMG e estean suxeitas a tódolos termos e condicións destes Termos.

12. CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA

Facer uso e/ou rexistrarse nos Servizos SMG implica o seu consentimento para celebrar acordos con nós electronicamente.

13. RESTRICIÓN XEOGRÁFICAS/CONTROIS DE EXPORTACIÓN

Os Servizos SMG e o Contido SMG teñen a súa sede no Estado de Missouri, Estados Unidos, e aínda que cada un deles pode ser proporcionado para o acceso e uso de persoas localizadas fóra dos Estados Unidos, vostede reconece que, por razóns legais ou operativas, é posíbel que non poida acceder aos Servizos SMG ou ao Contido SMG na súa xurisdición. Se vostede accede aos Servizos SMG ou ao Contido SMG desde fóra dos Estados Unidos, vostede é o responsábel do cumprimento das leis locais, incluídas as leis locais relativas á importación, exportación ou reexportación do Contido SMG.

Os Servizos SMG poden estar suxeitos ás leis de control de exportacións de certos países, incluída a Lei de Administración de Exportacións dos Estados Unidos e os seus regulamentos asociados. Vostede acepta que cumprirá con ditas leis e regulamentos, e que non exportará, reexportará ou lanzará directa ou indirectamente os Servizos SMG a, ou fará que os Servizos SMG sexan accesíbeis desde calquera xurisdición ou país ao que a exportación, reexportación ou lanzamento estea prohibida pola lei, normativa ou regulamento. Ademais, vostede acepta que cumprirá con tódalas leis, regulamentos e normativas federais aplicábeis, e completará tódolos compromisos requiridos (incluída a obtención de calquera licenza de exportación necesaria ou outra aprobación gubernamental), antes de exportar, reexportar, liberar ou poñer a disposición dos Servizos SMG fóra dos Estados Unidos. Ademais, ao descargar calquera Contido SMG, vostede acepta que non se atopa nun país ao que estea prohibida dita exportación e que non se atopa na Táboa de Ordes de Denegación do Departamento de Comercio dos Estados Unidos nin na lista de Nacionais Especialmente Designados do Departamento do Tesouro dos Estados Unidos.

14. DEREITOS DO GOBERNO DE ESTADOS UNIDOS

Os Servizos SMG son software informático comercial, segundo se define en 48 C.F.R §2.101. Por conseguinte, se vostede é unha axencia do Goberno dos Estados Unidos ou calquera contratista, vostede só ten dereito con respecto aos Servizos SMG que se conceden a tódolos demais usuarios baixo licenza, segundo (a) 48 C.F.R. §227.7201 a 48 C.F.R. §227.7204, con respecto ao Departamento de Defensa e os seus contratistas, ou (b) 48 C.F.R. §12.212, con respecto a tódolos demais licenciarios do Goberno dos Estados Unidos e os seus licenciarios.

15. RESCISIÓN

Á súa enteira discreción, SMG pode modificar ou fechar os Servizos SMG, ou pode modificar, suspender ou rescindir a súa conta ou acceso aos Servizos SMG, con ou sen previo aviso, en calquera momento e por calquera motivo, sen responsabilidade para con vostede nin para con terceiros. Por exemplo, é posíbel rescindir a súa Conta e denegarlle o acceso aos Servizos SMG, con ou sen aviso, se SMG ten motivos para crer que vostede é menor de idade. Igualmente, SMG pode rescindir a súa conta e a súa capacidade de usar os Servizos SMG, con ou sen previo aviso, se SMG ten motivos para crer que vostede proporcionou información falsa, incompleta ou inexacta, ou que doutro xeito non cumpriu con estes Termos ou calquera outro Termo Adicional aplicábel.

Ademais, no caso de que llo pidamos, vostede acepta devolver ou destruír calquera copia que realizase dos Materiais da Páxina.

A rescisión non limitará ningún dos outros dereitos e recursos de SMG. Estes Termos sobrevivirán expresamente e seguirán vixentes malia calquera modificación, interrupción, suspensión e/ou rescisión.

16. RECLAMACIÓNS DE INFRACCIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

SMG respecta os dereitos de propiedade intelectual de outros. Respondemos aos avisos de supostas infraccións segundo o esixe a Lei de Dereitos de Autor do Milenio Dixital dos Estados Unidos («**DMCA**»), incluíndo, cando corresponda, a eliminación ou desactivación do acceso ao material que se alega que é obxecto dunha actividade infractora.

Se vostede cre de boa fe que o seu traballo foi copiado dunha maneira que constitúe unha infracción de dereitos de autor ou que os seus dereitos de propiedade intelectual foron violados en, ou por medio de, Servizos SMG, envíe a súa reclamación ou aviso de infracción ao noso axente DMCA por correo:

DMCA Agent
Service Management Group, LLC
1737 McGee Street
Kansas City, MO 64108

Ou escribindo un correo electrónico a:

privacyofficer@smg.com

A súa notificación deberá incluír a seguinte información:

- a. unha firma física ou electrónica dunha persoa autorizada para actuar en nome do propietario do dereito exclusivo que supostamente se infrinxiu;
- b. identificación da obra protexida por dereitos de autor que se alega foi infrinxida ou, se varias obras protexidas por dereitos de autor nun só sitio en liña están cubertas por unha sola notificación, unha lista representativa de ditas obras nese sitio;
- c. identificación do material que se alega viola os dereitos ou é obxecto dunha actividade infractora e que debe de ser eliminado ou cuxo acceso debe de ser desactivado, e información suficiente para permitirlle ao provedor dos Servizos localizar o material;
- d. información suficiente para permitir que o provedor dos Servizos se poña en contacto coa parte reclamante, como un enderezo, número de teléfono e, se é posíbel, un

endereço de correo electrónico por medio do que se poida contactar coa parte reclamante;

- e. unha declaración de que a parte reclamante cre, de boa fe, que o uso do material reclamado non está autorizado polo propietario dos dereitos de autor, o seu axente, ou a lei; e
- f. unha declaración de que a información contida na notificación é exacta, e baixo pena de perxurio, de que a parte reclamante está autorizada a actuar en nome do propietario dun dereito exclusivo que supostamente se infrinxiu.

O noso Axente da DMCA só responderá ás notificacións e consultas que cumpran cos requisitos da DCMA. Visite www.copyright.gov para máis información.

17. INFORMACIÓN PARA OS RESIDENTES EN CALIFORNIA

Baixo a Sección 1789.3 do Código Civil de California, estamos obrigados a proporcionarlles aos residentes de California a seguinte información específica sobre os dereitos do consumidor:

- a. Os Servizos SMG son propiedade e/ou están operados por Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108. O número de teléfono de contacto de SMG é o 1-800-764-0439;
- b. a menos que se indique expresamente o contrario, os Servizos SMG proporciónanse sen cargo;
- c. para presentar unha queixa sobre os Servizos SMG ou para recibir máis información sobre o uso dos Servizos SMG, escriballe unha carta a Service Management Group, LLC, á atención de: Data Protection Officer, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108 ou pónase en contacto con nós por correo electrónico en privacyofficer@smg.com (con «California Resident Request» no Asunto). Tamén pode poñerse en contacto coa Unidade de Asistencia de Queixas da División dos Servizos ao Consumidor do Departamento de Asuntos do Consumidor de California (Complaint Assistance Unit of the Division of Consumer Services of California's Department of Consumer Affairs) por escrito a 400 R Street, Suite 1080, Sacramento, California 95814 ou por teléfono ao 916.445.1254 ou 800.952.5210.

18. MISCELÁNEA

- a. Estes Termos e as políticas de privacidade que aparecen nos respectivos sitios conteñen o entendemento total por e entre SMG e vostede con respecto aos asuntos aquí tratados.
- b. Estes Termos están escritos orixinalmente en inglés. O Acordo en inglés será o predominante en tódolos aspectos. Calquera versión deste Acordo en calquera outro idioma só terá finalidade comunicativa, e non será vinculante para ningunha das partes.
- c. Estes Termos aplícanse en beneficio de e serán vinculantes para SMG e os seus sucesores e cesionarios, respectivamente.
- d. Estes Termos poden ser atribuídos por SMG, pero vostede non pode atribuílos sen o consentimento previo por escrito de SMG.
- e. Se algunha disposición destes Termos é ou se torna inaplicábel ou inválida, as disposicións restantes continuarán co mesmo efecto que se dita disposición inaplicábel ou inválida non fose utilizada.
- f. Se SMG non cumpre con algunha das obrigas destes Termos, e a outra parte non fai cumprir dita obriga, a falta de cumprimento en calquera ocasión non constituirá unha renuncia a ningunha obriga e non impedirá o cumprimento en ningunha outra ocasión.

- g. Nada do contido nestes Termos se considerará que constitúe a SMG ou a vostede como axente ou representante da outra parte ou como socio.
- h. Se SMG está ou vostede está impedindo o cumprimento ou é incapaz de cumprir con algunha obriga baixo estes Termos por mor dalgunha causa alén do control razoábel da parte que invoca esta disposición, o cumprimento da parte afectada estenderase polo período de demora ou incapacidade de cumprir por mor de dita causa.
- i. Os encabezamentos e lendas son só para a súa comodidade.

PREGUNTAS?

Se ten algunha pregunta sobre estes Termos de Uso ou os Servizos SMG, póñase en contacto co nós en privacyofficer@smg.

Tamén pode escribirnos a:
Service Management Group, LLC
Á atención de: Data Protection Officer
1737 McGee Street
Kansas City, MO 64108

®/TM trademarks © Service Management Group, LLC 2017. Tódolos dereitos reservados.